



M

V

I

D

A

S

C

R

O



TEATRO
TICKET

0007149

641



Compañía

Arte Pingüe Teatro nace en 2011 en Vigo. Especializada en *microteatro* procura o entretemento sen esquecer a crítica social. Traballando en espazos reducidos consegue crear ambientes de intimidade que sorprenden ao espectador ao verse practicamente dentro da obra.

Cunha liña clara de actuación, tentando que prime a calidade actoral por riba de espectáculos de artificio, emprega os mínimos elementos e deixa que o espectador goce, ao mesmo tempo, da obra e da súa propia imaxinación, conseguindo que ninguén quede indiferente.





Microvidas

Escrita por José Mejuto, *Microvidas* xorde da necesidade de amosar o actual clima social. Busca atopar nas pequenas escenas de persoas anónimas, case invisibles para o sistema, o piar sobre o que se sostén a sociedade. O **humor ácido** séntese en cada palabra, en cada silencio. Pretende entreter e divertir, ao mesmo tempo que obriga ao espectador a formularse de que se está a rir.



Todo isto provoca, inevitablemente, unha sensación estraña. Escenas sen conexión aparente andan á procura dun espectador activo que atope o pracer de descubrir que todo está interconectado.

Cun texto fresco e actual pretende conseguir o sorriso permanente máis cá gargallada. Amosa escenas cotiás nas que os personaxes reaccionan de forma natural ás súas **situacións dispares**, creando o paradoxo mental do inevitable fronte ao que se quere evitar. Catro personaxes enleados que se ispen ante as cousas máis pequenas da vida diaria en comparación co macrocosmos da súa propia vida individual.

Microvidas amosa que toda decisión tomada, por moi nimia que sexa, afecta a outras persoas e de aí á creación de situacións novas que afectan á vida de todos os que nos rodean.

Unha obra escrita e presentada ao público coa humildade de amosar o que todos poden ver e non fan porque a **velocidade do mundo** non llo permite.





Sinopse

Cinco escenas enleadas de forma atemporal amosan cinco personaxes que se van coñecendo, amando e separando sen ningunha pretensión común máis ca de ser felices.

Dúas mulleres descoñecidas intercambian unhas palabras por azar e cunha frase aparentemente banal, “...nalgún sitio lin que un estraño pode solucionararte a vida”, é o comezo dunha relación mercantil.



Dous homes atópanse nun tanatorio e mentres un está afundido pola desaparición dun familiar outro tenta aproveitarse del.


Un matrimonio tenta atopar o amor nalgún sitio do seu pasado para crear un futuro en común mentres loitan no seu *escuro* presente.

Dous irmáns toman decisións contra si mesmos e o sistema mentres a súa avoa doente reclama atención.

Unha entrevista persoal na que non se busca traballo amosa ao entrevistador a patética vida que ten e a súa condición de escravo do sistema.




Ficha Artística



María	Eva Vila
Germán	Fernando Rambozzi
Irmá	María Francelina
Irmán	César Aldea
Obra	<i>Microvidas</i>
Autor	José Mejuto
Compañía	Arte Pingüe Teatro
Dirección	José Mejuto
Escenografía	Arte Pingüe Teatro
Vestuario	Arte Pingüe Teatro
Iluminación	María Francelina & José Mejuto

Ficha técnica



A compañía trasladará todo o preciso para a representación, aínda así amósase unha lista por se pode empregarse o que hai na sala.

Duración	75 minutos (aprox.)
Público	A partir de 10 anos.
Espazo escénico	Mínimo 5 m x 3 m (largo x fondo).
Son	Equipo reprodutor de CD.
Iluminación	Adaptable á sala.
Atrezzo	Unha mesa de escritorio, dúas cadeiras, un sofá, un cabeceiro de cama, un bafle, unha guitarra eléctrica.



Eva Vila

- 1990-94 Licenciada en Arte Dramática pola Real Escuela Superior de Arte Dramático (RESAD) de Madrid.
- 2013 Máster de Artes Escénicas pola Universidade de Vigo.
- 2006-13 Profesora da Escola Municipal de Teatro de Vigo.
- 2001-07 Membro da compañía de teatro Os Quinquilláns. Montaxes: *O mago de Oz*, *Moby Dick*, *As abellas*, *O circo das Máscaras* e *As viaxes de Gulliver*.
- 1999-2006 Profesora de teatro en Educación Primaria e Secundaria.
- 1997-99 Membro da compañía *La Casa del Silencio*. Montaxe: *NOREM3*.
- 1994-97 Membro do Taller de Investigación da Imaxe Dramática Sensorial (TIID) da Universidad Nacional de Colombia. Montaxes: *Oráculos*, *La Feria de la Buena Ventura* y *El Hilo de Ariadna*. Realizan xira por Madrid, Gales, París, Bogotá, Caracas e Londrina (Brasil).
- 1995-2004 Actriz contacontos en bibliotecas, editoriais. Montaxes: *Cuentos de malacólogos y filibusteros*, *Arte con sentido*, *Primer Simposio del Animalito Liberao* e repertorio amplo de contos infantís e de adultos.

Cofundadora da compañía de teatro infantil *A Loca-Motora*.

Montaxes

O tenderete da cachifallada, *O Garavanzo*, *O Sapo e o Zapato*, *Carlota e Marieta dan a volta ao planeta*, *Carlota e Marieta van en avioneta* e *A Loca-Motora*.



María Francelina

Licenciada na Escola Superior de Arte Dramática de Málaga no ano 2006.

Participou, entre outros, no "Sumer Intensive Program" impartido por Thomas Richards e os membros do Workcenter of Jerzy Grotowski. Realizou diversos talleres temáticos a cargo de José Luis Raymond; Miguel Ángel Camacho; Etelvino Vázquez; Charo Amador; co Teatro de La Abadía; con Maite Aguirre, con Fernando Hurtado, con Paco Azorín e con Rosa Álvarez. Dobraxa de videoxogos e libros Empresas XIT Estudio, Escuchalibros, Musikmaster.

Sol e Lúa Curtametraxe dirixida por Anxo García.

Cucu-Trash Creación e interpretación de *sketches* no programa infantil/xuvenil, TV7 Vigo.

Nadal en Vigo Presentadora da cabalgata/entrevistas ás autoridades políticas, TV7 Vigo.

Premio Mellor Actriz 2009 no certame de Teatro de Sada "Premios Pintor Lugo" coa obra *Eloxio da loucura*. Primeiro Premio do certame "Teatro Inmediato 2008" convocado polo Concello de Gondomar e a Compañía de teatro Vichelocrego. Primeiro Premio do certame "Premios Carballo Jóvenes Promesas: Folla de Ouro 2008", na modalidade de Mellor Espectáculo por *A asemblea das mulleres*.

2011-2012 *Mentiras e verdades dos contos* -Varios personaxes - Cía As Marías.

2010-2011 *Guía da Cidade de Vigo* - Rosalía de Castro - Imaxinería, S.L.

Macbeth - Bruxa - Cía Xerpo Cultural.

2008-2009 *Do cotián: o absurdo* - Irene; a muller de Blanco - Cía Teatro Aforamento

Eloxio da Loucura - A Loucura - Cía Teatro Aforamento.

Ifigenia en Áulide - Coro - Cía Arela das Artes.

2006-2008 *A asemblea das mulleres* - Vella, muller e coro - Cía SkENÉ Teatro.

A clase morta - Muller ignorante - Cía Blanca Vega.

O fantasma (musical) - Charo (soprano) - Dir. Alejandro Albero.

Paisaxe con Argonautas - Argonauta - C.ía Xerpo Cultural.

2004-2006 *Quixote* (musical) - Ama de chaves (soprano) - Dir. José M. Padilla.

Ligazón - A Ventera - Áncora Producións.

Todos os venres, cea - A nai - Cía. Andrés Mata.




Fernando Rambozzi

Dende o 2010 é alumno da Escola Municipal de Teatro de Vigo.

En 2012 representa o papel principal en "A ópera da patacón", adaptación de Roberto Vidal Bolaño partindo da 'Ópera do Mendigo' de John Gay.

Actualmente traballa no espectáculo "Manipulación" representado no Festival de Teatro Alternativo Alt.0,7 en Vigo.

Membro activo da Compañía Arte Pingüe Teatro, rodou diversas curtametraxes como actor e produtor, e participou en varios dos seus espectáculos teatrais.





César Aldea

FORMACIÓN

- Interpretación Teatral, Escola do Concello de Vigo. Tres anos.
- “Interpretación ante la cámara”, curso da Escola Galega de Cine, (EGACI).
- “Contact y danza contemporánea”, curso impartido por Chevy Muraday (Premio Nacional de Danza).
- “Performance Dinamics” curso de Clown impartido por Jhonny Melville.
- “Esgrima Teatral” curso impartido por Carlos Vizcaíno.
- Artes Marciales, cinto negro de Judo.
- Danza Clásica con Esperanza Arrondo. Un ano.
- Comedia dell'Arte con Antonia Céspedes. Un ano.
- Voz, Marcelo Zubizarreta.

CURTAMETRAXES

- “O Show de...” de Samuel Lema, (presentador) protagonista.
- “Quero o meu balandro” de Oscar Galansky, (Pepiño) protagonista.
- “A guerra dos avós” (documental) de Oscar Galansky, Fanchuco, protagonista.
- “La canción de Femeirlín” de Manuel Pena, (policía) reparto.

TEATRO

- “Mac...yes we can!” adaptación de *Macbeth* de Shakespeare, dirigido por Irene Moreira (bruXa, Macduff).
- “Ifigenia en Aúlida” de Eurípides, dirixido por Charo Amador (Menelao).
- “Elogio de la locura” de Erasmo de Rotterdam, dirixido por Leonel García (Loucura).
- “Olhares de perfil” de Alejandra Guibert, dirixido por Roberto Cordovani, (Fotógrafo).
- “Peregrinos da noite” da Fura dels Baus, dirixido por Carlos Padrissa (reparto).
- “En alta mar” de Slawomir Mrozeck, dirixido por Leonel García (Mediano).
- “El cepillo de dientes” de Jorge Díaz, dirixido por Leonel Gacía, (El).
- “Aniversario” de Antón Chejov, dirixido por Maximino Queizán (Andrei Andreevich Schipuchin).

TELEVISIÓN

- “Matalobos” Voz Audiovisual, TVG (cap. 49) episódico.
- “O Nordés, última hora”, CTV, TVG (cap. 11) episódico.
- “Zapping Comando” Faro, Zopilote, CTV, TVG (1ª temporada) varias personaxes.
- “Rías Baixas” Zenit Multimedia, TVG (Riqui, cap. 149-173), secundario.
- “Cota Roja” Zenit Multimedia, TVG (Terrorista), reparto.
- “Fábula, a terra meiga”, Producciones Vigo S.L., TVG (Salouco), protagonista.

Contacto

Arte Pingüe Teatro

Teléfono: 662 421 122

<http://artepingueteatro.wordpress.com/>

